


ANTES PASÁBASE POR AQUÍ



SONIA ARIAS LÓPEZ



**Antes
pasábase por
aquí**

Sonia Arias

Primera edición: abril de 2025

© Copyright de la obra: Sonia Arias

© Copyright de la edición: Grupo Editorial Angels Fortune

Edición a cargo de Ma Isabel Montes Ramírez

Código ISBN: 979-13-990262-0-7

Código ISBN digital: 979-13-990262-1-4

Depósito legal: B 7883-2025

Corrección lingüística: Xosé M. Eyré

Ilustración portada e interior: Lomarti

Diseño y maquetación: Celia Valero

©Grupo Editorial Angels Fortune www.angelsfortuneditons.com

info@angelsfortune.com

Barcelona (España)

Derechos reservados para todos los países.

No se permite la reproducción total o parcial de este libro, ni la compilación en un sistema informático, ni la transmisión en cualquier forma o por cualquier medio, ya sea electrónico, mecánico o por fotocopia, por registro o por otros medios, ni el préstamo, alquiler o cualquier otra forma de cesión del uso del ejemplar sin permiso previo por escrito de los propietarios del copyright.

«Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra solo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, excepto excepción prevista por la ley».

*Decido cal foi a derradeira vez que te mirei.
Para os meus avós e avoas.
Tamén á xente do meu arredor.*

Son dun entre tantos pobos

onde as terras teñen nome. Cando lembro unha vivencia, ás veces, digo o tamaño da pedra que tiña ó lado ou a cor.

Falo do prado que tiña rego e da maceira que tiña o prado.

Falo do caseto como unha casa pequena. E lembro moi ben onde petaba forte o vento ata cando era día de sol.

Falo das camas nas xestas, do lume nos camiños e da sede que me daban as vacas ó beber.

Falo de cando caín e de cando me tirei.

Falo de soidade cando daquela lle chamaba paseo.

Falo de tirarnos de cabeza a un río que nos devolvía a nosa imaxe para arriba.

Falo das varas de bambú triturando o sol entre elas e do vento acabado de nacer tirándose polas corgas.

Falo do pobo onde as cenorias teñen unhas gretas un pouco máis laranxas. Un pouco máis cenorias.

Falo dos charcos que tragan os corpos dos cans . De como aparecen as xeadas que non saben cando van marchar.

Falo da casa onde se come o mel a culleradas.

Falo do pobo onde as noites se enchían de fociños de cans cravados no chan, de vacas que dormen despois de estar defendidas e baleiras. De postas de sol que son o reberete da montaña. Montaña sucia e húmida pero ordenada.

Falo da terra na que mentres tiña dor apertaba os dentes e só comía os tomates como se fosen mazás cando tiña moita fame.

Falo de levar ó colexio o mellor de cada casa.

Falo de raíces, por fóra da terra como puños nos pés que me fan caer por unha derradeira vez que non existirá xamais.

Falo das mesmas ramas cada ano con diferentes paxaros.

Falo de noites que caen sobre igrexas e muros que non caerán.

Falo das corredeiras polas que camiñaban os mortos ó lombo.

Da protección que tiñan cando calaban diante do que nos deixaban mirar. De tanto non entender, rematamos entendendo antes.

Falo de todo menos de nomes. Describo mais que nomeo.

Falo de ventás abertas como estufas acabadas de arranxar.

Falo de que cando me vexo desesperada debuxo camiños mentais.

E cando teño medo, lembro todo aquilo que me daba medo e dáme por pensar que vexo un medo absurdo sempre, e así ata o próximo.

Se Ana Mendieta
abrierei un oco na terra
do tamaño exacto do meu alento...

Paco Souto

Sabían historias enteiras

Á medida que pasaban os anos
pasaban elas.

Se eles coxean,
a historia coxea

Se eles se cortan,
a historia córtase

Se eles encaman,
a historia encama

Se eles dormen,
a historia dorme.

As lembranzas saenlles das carnes
como se quixesen falar deles.

Baléirase o sosego por encima das casas
brillando unha xeadada de silencio
fóra e dentro.

Non hai quen prexudique

ó **xigante** do mutismo.

Nas casas abandonadas

a escuridade non é famenta

nin mete medo

Son escuridades buscadas

do tamaño dun corpo

agardando dentro.

Os ollos colleron a humidade das noites de inverno.

Cala o piano

O regato

O vento

O espantallo

Ole á pel dun pobo anano.

Acerca de la autora



Nacida en Vidul (Paradela, Lugo, 1984) Sonia Arias López é unha escritora en lingua galega e castelá. Ten publicado os libros *Parque de atracciones*, *Campos de batalla*, *Manchas de frío* e *Los zapatos del lobo* ademais de diversas colaboracións en revistas e xornais de Galicia.

Mediante unha elaborada e precisa linguaxe poética, ***Antes pasábase por aquí*** aborda e universaliza temas, historias e costumes dunha terra que ten como primordial referente o seu propio lugar de nacemento. O libro achéganos á grande fractura do éxodo rural, do sentido e das emocións dun pobo, coas súas xentes, mostrándonos a polémica da súa vida interior, o seu despoboamento e, con atinada sutileza, a gradual desaparición ou morte do mesmo.

Preséntanos así un refuxio individual no que a autora se detén con habilidade, deixando un rastro para todos os que queiran seguir sendo donos dos seus pensamentos, sumando unha verdade a todas as verdades.